

El gobierno de las cooperativas de crédito en España

RAFAEL CHAVES / FRANCISCO SOLER
Valencia: CIRIEC-España. 2004
[237 páxinas]

Recibido: 14 de setembro de 2006

Aceptado: 19 de decembro de 2006

O traballo enmárcase no interese que os investigadores en xeral e os da economía social en concreto manifiestan polos temas relacionados co *bo goberno* das empresas en España. Esta crecente atención non é allea nin ao interese pola temática da responsabilidade social das empresas, da que o bo goberno é unha dimensión importante, nin á publicación de informes, na mesma liña doutros publicados noutros países desenvolvidos, cuxas orientacións influíron na lexislación relativa aos órganos de goberno das sociedades mercantís.

A problemática do goberno da empresa cooperativa –incluídas as de crédito–, coma a de calquera outra clase de sociedade, non resulta allea, dentro das súas peculiaridades, á de todas as sociedades mercantís. Pero loxicamente, dada a diferente natureza dos seus órganos e regras de goberno, as súas pautas de bo goberno han de rexerse por outros parámetros sinalados pola ACI, especialmente polo *principio cooperativo da democracia*, que define o que os autores denominan *gobierno cooperativo*.

Chaves e Soler realizan unha análise do “bo goberno cooperativo” intentando atopar a resposta a dúas cuestións:

- a) A conciliación do modelo democrático co crecemento e co desenvolvemento empresarial das cooperativas.
- b) A selección dos seus directivos ao se tratar de empresas que deben prestarlles servizos aos seus socios e que, ademais, están gobernadas por eles de forma democrática.

O debate científico sobre os fallos de goberno reviste unha especial significación nas cooperativas, onde a dirección pode gozar dunha maior marxe de discrecionalidade para tomar decisións ca nas empresas de carácter capitalista. Nestas impera, ademais, o desafío de facer compatibles as esixencias dunha contorna financeira cada vez máis competitiva e globalizada coa súa finalidade de atender as necesidades duns socios –democraticamente organizados– baixo o principio de “un socio un voto” con independencia das contribucións ao capital social.

O interese deste estudo non reside unicamente na análise teórica do goberno cooperativo, posto que realmente se centra máis no día a día do goberno das cooperativas de crédito cooperativo en España realizando o traballo de campo coa colaboración da Unión Nacional de Cooperativas de Crédito (UNACC).

A segunda parte do traballo dedícase a analizar a enquisa realizada ás cooperativas de crédito españolas valorando os órganos de goberno destas cooperativas así como o grao de transparencia informativa. Destacamos, polo seu interese para os economistas, o capítulo titulado “El balance social de las cooperativas de crédito en España”, no que se analiza a eficacia social, concepto próximo ao de responsabilidade social das empresas, das cooperativas. Os seus autores contrastan, por exemplo, a maior capacidade de inclusión financeira social e territorial das cooperativas de crédito fronte ás caixas de aforros e á banca privada tradicional; a súa maior capacidade de creación e mantemento relativo de empregos cá banca privada tradicional, ou a natureza do seu xenuíno dividendo social, ligado ao fondo de educación e de promoción cooperativa.

Por último, é interesante facer aínda que so sexa unha pequena mención á conclusión que se pode obter da lectura do traballo sobre a necesidade de incrementar o desenvolvemento de novas canles participativas que permitan o fortalecemento da democracia (destácase a escasa presenza de mulleres nos órganos de goberno) e a mellora da transparencia informativa, amais de asumir maiores compromisos relativos á responsabilidade social corporativa. O reducido nivel de asistencia e de intervención dos socios nas asembleas xerais ou o baixo nivel de formación en cooperativismo por parte dos membros do consello reitor son cuestións que deben terse en conta para que, unha vez analizadas e de ser o caso corrixidas, se poida fortalecer a confianza nas cooperativas de crédito.

El gobierno de las cooperativas de crédito en España é o resultado dunha investigación realizada polo Instituto Universitario de Investigación en Economía Social e Cooperativa (IUDESCOOP) de Valencia en convenio coa Unión Nacional de Cooperativas de Crédito (UNACC) e co CIRIEC-España, co apoio financeiro do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

RAFAEL ÁLVARO MILLÁN CALENTI
Universidade de Santiago de Compostela